

**INFORME CLIMATOLÓGICO  
MES DE MAIO DE 2019**



## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. ....	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas. ....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019.....	17
6	PRECIPITACIÓN .....	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual maio 2019.....	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. ....	20
6.3.	Días de chuvia en maio de 2019 .....	21
6.4.	Evolución da precipitación en maio de 2019.....	23
7	VENTO .....	24
8	RADIACIÓN SOLAR .....	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal .....	29
9	RAIOS.....	30

**Anexo: Resumo mensual**

**Data edición: 18/06/2019**



**Mes moi seco e con episodios de temperaturas máximas moi elevadas.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
≤ mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
≥ máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



## 2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de maio estivo caracterizado polos cambios bruscos nas condicións meteorolóxicas, con momentos de temperaturas invernaís, pero outros nos que os valores eran propios do verán. Estes últimos foron algo máis frecuentes, polo que as temperaturas medias foron máis elevadas do normal para a época do ano. As situacións frías achegaron tamén algunhas chuvias, aínda que de escasa contía, agás na xornada do día 9, polo que as precipitacións acumuladas estiveron moi por debaixo do normal nesta época do ano.

Así, o primeiro día do mes tivemos una situación intermedia, con nubes na metade norte e temperaturas suaves en xeral. A situación anticiclónica afianzouse nos seguintes 4 días, entre o 2 e o 5, de xeito que gozamos dunha situación de tempo estable, seco e soleado, con temperaturas que non acadaron valores destacados e ventos fortes do nordés no litoral norte.

O día 6 foi unha xornada de transición con aumento das nubes polo oeste, anunciando un período de atmosfera inestable que o día 7 se concretaba na chegada dunha borrasca profunda que deixaba unha xornada marcada polos fortes ventos e as ondas altas no mar.

O día 8, outra profunda borrasca volvía a deixar situación de forte vento e avisos laranxa no mar por ondas. E xa no día 9, rexistrabamos a xornada máis chuviosa do mes ocasionada por un río atmosférico que deixaba cantidades significativas de precipitación principalmente na metade oeste.

O día 10 foi una xornada de transición, con nubes baixas no oeste e algunhas derradeiras chuvias febles antes da chegada das altas presións, a partir do día 11.

Esas altas presións deixaron un episodio de 4 días de duración con tempo seco e soleado e temperaturas en ascenso, acadando os valores máximos na xornada do 14, cando algúns puntos da provincia de Ourense superaban os 35°C.

O día 15 foi de transición, con entrada de néboas e baixada da temperatura. Xa o día 16 a chegada dunha fronte deixaba chuvia e un importante descenso térmico.



Nos seguintes 3 días Galicia mantívose nunha área atmosférica inestable, con chuvias escasas e irregularmente repartidas e mesmo en forma de neve nas zonas máis altas. As temperaturas estiveron por debaixo do normal para esta época do ano.

As altas presións foron recuperándose nas xornadas do 19, 20, 21 e 22 quedando esas 4 xornadas co ceo moi aberto e ascenso de temperatura.

O día 23 o anticiclón afastouse lixeiramente de Galicia, deixando paso a unha fronte pouco activa, pero que deixaba aumento das nubes, baixada da temperatura e algunhas chuvias febles no oeste.

Na xornada do 24 recuperábanse as altas presións e a estabilidade que xa nos acompañaba ata o derradeiro día do mes. Dentro deste último episodio anticiclónico do mes compre destacar os últimos 3 días. Ademais da estabilidade e o ceo aberto, o anticiclón achegou unha masa de aire moi cálida procedente do norte de África. Isto fixo que as temperaturas ascendesen con forza, rexistrándose de xeito xeneralizado valores por riba dos 30°C en moitos puntos de Galicia e mesmo os 35°C en zonas do sur.

### **3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA**

Tanto no mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1), como en altura (Figura 2), pode observarse que este mes de maio, a Península estivo entre dúas fortes anomalías negativas, co Anticiclón dos Azores, centrado no oeste de Portugal.

Isto explica a gran variabilidade de situacións que afectaron á Comunidade, con circulación predominante de compoñente sur, responsable das elevadas temperaturas rexistradas no mes. As anomalías positivas en Galicia en ámbolos dous casos, máis significativa en Galicia, explica o predominio de situacións anticiclónicas. Aínda que as entradas de masas de aire polar marítimo fixeron que as escasas borrascas que nos afectaron o fixeran con precipitacións en forma de neve e unha caída importante das temperaturas.

### Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Maio-2019.

### Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Maio-2019.



#### **4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.**

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m<sup>2</sup>). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



## A CORUÑA

	MAIO 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.6/15.5	15.0	17.4 (2017)	12.1 (1984)
Tª mínima media	12.5/12.3	11.9	13.8 (1989)	9.1 (1951)
Tª mínima absoluta	9.4/9.0 (día 20)	3.6 (03/05/1967)		
Tª mínima máis alta	15.8/16.4 (día 31)	20.2 (17/05/1992)		
Tª máxima media	18.6/18.8	18.0	21.2 (2017)	14.4 (1984)
Tª máxima absoluta	34.3/33.6 (día 31)	34.0 (11/05/1965)		
Tª máxima máis baixa	14.1/14.3 (día 1)	10.0 (01/05/2008)		
Precipitación acumulada	42	62-82	164 (1984)	3 (1994)
Días de chuvia (≥1mm)	5	11	21 (1983)	1 (1994)

*Comentario:* Mes cálido en xeral para todas as temperaturas. A temperatura máxima absoluta estivo moi preto do valor máximo histórico.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, considerándose o mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi inferior ao valor climático agardado.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2019 Temperatura: 1948-2019

## SANTIAGO

	MAIO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	15.3	14.6	17.9 (1989)	11.5 (1984)
Tª mínima media	9.7	9.8	12.1 (1989)	7.0 (1984)
Tª mínima absoluta	4.3 (día 19)	1.8 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	16.1 (día 31)	18.0 (16/05/1992)		
Tª máxima media	20.9	19.4	23.6 (1989)	15.7 (1984)
Tª máxima absoluta	33.3 (día 31)	34.9 (29/05/2011)		
Tª máxima máis baixa	16.7 (día 18)	11.0 (05/05/1985)		
Precipitación acumulada	51	110-139	287 (1994)	4 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	6	12	23 (1993)	2 (1987)

*Comentario:* Mes cálido para as máximas e as medias, mentres que para as mínimas o mes resultou normal.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, co que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia foi a metade do valor climático normal.

\* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2019. Temperatura: 1982-2019





## LUGO

	MAIO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	13.5	13.4	16.3 (2017)	9.6 (1984)
Tª mínima media	7.0	8.0	10.1 (1999)	5.7 (1987)
Tª mínima absoluta	3.2 (día 6)	-2.0 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	11.5 (día 7)	16.0 (12//05/1999)		
Tª máxima media	21.3	18.8	22.9 (2017)	12.6 (1984)
Tª máxima absoluta	<b>34.6 (día 31)</b>	34.6 (29/05/2001)		
Tª máxima máis baixa	13.2 (día 16)	8.0 (09/05/1981)		
Precipitación acumulada	29	59-86	193 (1997)	11 (2006)
Días de chuvia (≥1mm)	6	12	21 (1983)	3 (1987)

*Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas mínimas, mentres que para as máximas foi moi cálido. Como resultado disto, a temperatura media resultou normal. Acadouse o valor máximo de temperatura da serie histórica.*

*A precipitación rexistrada é moi inferior ao rango de valores normais, como tamén se reflicte no baixo número de días de chuvia.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2019. Temperatura: 1981-2019

## PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	MAIO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.7	15.4	18.5 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	10.7	10.2	12.8 (2017)	7.3 (1984)
Tª mínima absoluta	5.0 (día 19)	0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	15.8 (día 31)	19.0 (17/05/1964)		
Tª máxima media	22.7	20.6	24.5 (2011)	16.6 (1983)
Tª máxima absoluta	33.3 (día 31)	35.0 (27/05/2006)		
Tª máxima máis baixa	16.7 (día 18)	10.3 (04/05/1973)		
Precipitación acumulada	29	97-128	331 (1983)	6 (1987)
Días de chuvia (≥1mm)	5	12	23 (1997)	3 (1991)

*Comentario: Mes cálido para as mínimas e as medias, mentres que para as máximas resultou moi cálido.*

*A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco. Isto reflíctese tamén no escaso número de días de chuvia rexistrado.*

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2019. Temperatura: 1958-2019



OURENSE

	MAIO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	17.2	16.2	19.2 (2011)	12.0 (1984)
Tª mínima media	8.8	9.5	11.5 (2011)	6.7 (1984)
Tª mínima absoluta	4.2 (día 19)	-0.4 (06/05/1982)		
Tª mínima máis alta	13.2 (día 31)	16.6 (29/05/2017)		
Tª máxima media	25.7	22.9	27.0 (2011)	17.3 (1984)
Tª máxima absoluta	37.5 (día 31)	37.8 (24/05/2017)		
Tª máxima máis baixa	17.8 (día 8)	11.6 (01/05/1984)		
Precipitación acumulada	12	49-64	139 (2008)	0 (1976)
Días de chuvia (≥1mm)	4	10	18 (2008)	0 (1976)

*Comentario:* Mes frío tendo en conta as temperaturas mínimas e moi cálido para as máximas. Como resultado disto en canto á temperatura media, o mes considérase cálido.

A precipitación rexistrada e o número de días de chuvia, foron moi inferiores aos valores climáticos normais, considerándose o mes moi seco.

\* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2019. Temperatura: 1972-2019

## 5 TEMPERATURA

A temperatura media do mes estivo por riba dos valores climáticos. Aínda que tivemos dous períodos fríos a mediados do mes, as xornadas cálidas foron maioritarias, cancelando as anomalías negativas dos días fríos. A última semana anticiclónica foi a que inclinou a balanza cara a un mes de temperatura cálida.

### 5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de maio de 2019.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de maio para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 20.1 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente nas comarcas do Condado e Baixo Miño superando os 26 °C. Por outra banda, os valores máis baixos déronse na Serra do Xistral con valores próximos aos 8.0 °C.



## 5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de maio para o territorio galego foi de 7.8 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados nalgunhas localidades da comarca da Baixa Limia onde os rexistros máis baixos estiveron preto dos 0 °C. Os valores máis altos déronse nas Rías de Vigo e Arousa, onde se superaron os 12.0 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de maio de 2019.



### 5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

Neste mes, pódese observar un gran contraste entre a provincia de Pontevedra, coas anomalías de temperatura máis altas (+2.6°C), e a provincia de Lugo, onde principalmente na Mariña Central e concretamente na Serra do Xistral, (con anomalías de ata -0.7°C) así, no conxunto da Comunidade foi de +1.0°C por riba do normal, resultando en xeral un mes cálido o moi cálido dependendo das zonas.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de maio respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. Pódese observar a diferenza das altas anomalías de temperatura no sur da Comunidade (Táboa 1) e as anomalías máis baixas no terzo norte, principalmente na provincia de Lugo. (Táboa 2).

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Vilardevós	Ourense	2.1
Gondomar	Pontevedra	2.0
Tui	Pontevedra	2.0
Fornelos de Montes	Pontevedra	2.0
Vilaboa	Pontevedra	2.0
Lama (A)	Pontevedra	1.9
Pazos de Borbén	Pontevedra	1.9
Soutomaior	Pontevedra	1.9
Melón	Ourense	1.9
Ponte Caldelas	Pontevedra	1.8

**Táboa 1:** Anomalías máis elevadas no mes de maio de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Mondoñedo	Lugo	-0.6
Lourenzá	Lugo	-0.4
Alfoz	Lugo	-0.4
Abadín	Lugo	-0.3
Pastoriza (A)	Lugo	-0.2
Riotorto	Lugo	-0.2
Valadouro (O)	Lugo	-0.2
Trabada	Lugo	-0.1
Coristanco	A Coruña	-0.1
Pontenova (A)	Lugo	-0.1

**Táboa 2:** Anomalías máis baixas no mes de maio de 2019.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas en Galicia no mes de maio de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Na última xornada do mes, rexistráronse valores de temperatura moi elevados para a época do ano, tendo en conta as dúas altitudes.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
31/05/2019	Ourense	OURENSE	Ourense	37.5
31/05/2019	Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	37.5
31/05/2019	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	37.3
31/05/2019	Millara	PANTÓN	Lugo	37.2
31/05/2019	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	37.1
31/05/2019	Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	35.9
31/05/2019	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	35.9
31/05/2019	Simes	MEAÑO	Pontevedra	35.5
31/05/2019	Queimadelos	MONDARIZ	Pontevedra	35.3
31/05/2019	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	35.1

**Táboa 3:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2019 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
31/05/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	29.4
31/05/2019	A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	28.1
31/05/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	27.8
31/05/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	27.5
13/05/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.3
31/05/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	26.9
31/05/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	26.2
31/05/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	25.8
31/05/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	25.1
31/05/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	25.0

**Táboa 4:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de maio de 2019 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de maio de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Contrasta cos datos das táboas de temperatura máxima. Así, foron moitos os puntos, nas dúas altitudes, que rexistraron valores de temperatura mínima baixo cero.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/05/2019	Xares	VEIGA (A)	Ourense	-3.1
19/05/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-3.1
19/05/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-2.3
02/05/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-1.8
19/05/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-1.6
19/05/2019	Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-1.5
19/05/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-0.3
19/05/2019	Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-0.1
19/05/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	0.1
02/05/2019	Corzos	VEIGA (A)	Ourense	0.2

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2019 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
19/05/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-3.1
02/05/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	-1.9
20/05/2019	Lanzós	VILALBA	Lugo	-0.8
04/05/2019	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-0.6
19/05/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-0.2
19/05/2019	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-0.1
19/05/2019	Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	0.3
19/05/2019	Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	0.5
04/05/2019	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	0.5
20/05/2019	Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	0.6

**Táboa 6:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de maio de 2019 altitude inferior a 1000m.





#### 5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2019.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 15.4 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para maio.

A anomalía media da temperatura para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.97 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como cálido. A esta caracterización contribuíron principalmente as temperaturas máximas, que tamén resultaron moi cálidas (anomalía de +2.09°C). As mínimas sen embargo, mesmo resultaron frías (anomalía de -0.16°C). O precedente máis cálido deste mes foi o do ano 2017, que presentou a anomalía máis alta da serie rexional.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en maio, respecto ó período 1981-2010.

## 6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións quedaron moi por debaixo das agardadas nun mes de maio, xa que soamente tivemos dous períodos de chuvia a principios e mediados do mes, e agás na xornada do día 9, as chuvias rexistradas nesas xornadas non foron moi cuantiosas.

Segundo os valores do mapa, a precipitación media acumulada é de 46 L/m<sup>2</sup>. Os valores máis altos acadáronse nas comarcas do Sar e Caldas con valores que superaron lixeiramente os 125 L/m<sup>2</sup>. Os valores máis baixos déronse nas comarcas de Verín e algúns puntos da comarca de Valdeorras, onde os rexistros apenas superaron os 2 L/m<sup>2</sup>.

### 6.1. Precipitación acumulada mensual maio 2019





Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de maio de 2019.



## 6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de maio con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 58% inferior ao período de referencia 1981-2010. Foron moitas as localidades da provincia de Pontevedra e do litoral da comarca de Vigo as que rexistraron porcentaxes de precipitación de ata tan só un 11% do valor climático normal. Sen embargo, destaca gran parte da Terra Chá na provincia de Lugo, na que os valores de precipitación acadaron rexistros próximos aos normais.



**Figura 9:** Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de maio de 2019.



### 6.3. Días de chuvia en maio de 2019

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m<sup>2</sup>) foi de 5.3. Os valores máis altos de número de días de chuvia déronse na Mariña Central con valores próximos aos 8 días. Os días de chuvia máis baixos déronse no sur da Comunidade, concretamente na provincia de Ourense, onde nalgúns casos tan só se rexistraron 3 días de chuvia. Todos estes valores son moi baixos para un mes de maio.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m<sup>2</sup> durante o mes de maio de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de Meteogalicia durante o mes de maio. Pódese observar que incluso nos sitios máis chuviosos de Galicia a precipitación máxima apenas chegou aos 125 L/m<sup>2</sup>. Entre os días 9 e 10, xa se rexistrou a metade da precipitación acumulada no mes nalgunhas localidades galegas.

Precipitacións acumuladas máximas en maio de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	124
Muralla	LOUSAME	A Coruña	122
Castrove	POIO	Pontevedra	104
Labrada	ABADÍN	Lugo	100
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	95
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	91
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	90
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	88
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	86
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	85

**Táboa 7:** Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de maio de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m <sup>2</sup> )				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m <sup>2</sup> )	Instante de inicio (UTC)
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	66	09/05/2019 12:20
Muralla	LOUSAME	A Coruña	52	09/05/2019 09:50
Castrove	POIO	Pontevedra	49	07/05/2019 01:00
Labrada	ABADÍN	Lugo	46	09/05/2019 05:30
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	45	09/05/2019 08:30
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	44	09/05/2019 10:50
Forcarei	FORCAREI	Pontevedra	44	09/05/2019 10:50
Riotorto	RIOTORTO	Lugo	44	09/05/2019 03:10
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	44	09/05/2019 09:40
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	43	09/05/2019 06:40

**Táboa 8:** Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de maio de 2019.

## 6.4. Evolución da precipitación en maio de 2019

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019, para esta serie, foi 37 L/m<sup>2</sup>.




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2019 para maio.

A anomalía media das precipitacións para este mes de maio en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 62 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade, atopando o seu precedente máis seco no ano 2006 cunha porcentaxe de precipitación lixeiramente inferior.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en maio, respecto ó período 1981-2010.



## 7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. As xornadas máis ventosas foron as do 24 e o 25. Ao contrario que nos meses anteriores, o predominio das borrascas bastante profundas fixo que a porcentaxe de calmas en xeral non fose moi elevada.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en maio				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
08/05/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	130.1
07/05/2019	Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	130.0
08/05/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	121.4
08/05/2019	A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	103.5
08/05/2019	Fontaneira	BALEIRA	Lugo	103.2

**Táboa 9:** Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de maio.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	85.6	NE	16		
		Día 7				
Pta. Candieira	Cedeira	130.0	E	9		
		Día 7				





PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Malpica	Malpica	96.7	E	4		
		Día 8				
Marco da Curra	Monfero	84.1	NE	5		
		Día 8				

**Táboa 10:** Resumo do vento no mes de maio de 2019 na provincia de A Coruña.

PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Penedo do Galo	Viveiro	130.1	NE	3		
		Día 8				
Campus Lugo	Lugo	59.3	N	48		
		Día 8				



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ancares	Cervantes	99.4	NE	10		
		Día 8				

**Táboa 11:** Resumo vento no mes de maio de 2019 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	84.1	O	6		
		Día 8				
Rodicio	Maceda	68.4	NE	13		
		Día 8				
Gandarela	Celanova	60.2	NO	36		
		Día 8				

**Táboa 13:** Resumo do vento no mes de maio de 2019 na provincia de Ourense.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	98.1	NE	10		
		Día 1				
Ons	Bueu	76.6	NE	5		
		Día 8				

**Táboa 14:** Resumo do vento no mes de maio de 2019 na provincia de Pontevedra.



## 8 RADIACIÓN SOLAR

### 8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ( $10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$ ) para o mes de maio de 2019.



## 8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal





Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.



## 9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou tan só un raio neste mes de maio en Galicia. Este raio detectouse o día 8, na provincia da Coruña. Na Figura 15, pódese ver o número total de raios rexistrados en maio en Galicia dende o ano 2010 ao 2019. Nesta gráfica pódese observar que este ano o único raio detectado contrasta cos 23612 raios detectados no ano 2017.



**Figura 15:** Número total de raios rexistrados en maio dende 2010 a 2019.

MeteoGalicia  
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático  
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda  
Xunta de Galicia



**Rede de estacións automáticas da CMA**

**Ano: 2019 Mes: 5**

Provincia Estación	Tª°C			Tª Máxima °C			Tª Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días			
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>A Coruña</b>																											
A Gándara	13.1	16.98	30.4	31	9.9	6.7	3	85	42.4	9	-36	76	91	58	57	256	2168	21	98	7	970	11	0				
Aldea Nova	13.7	18.08	30.5	31	10.2	6.4	19	58	29.6	9	--	80	94	62	--	--	1546	9	74	8	985	10	0				
Arzúa	14.1	20.81	32.5	31	7.4	2.2	19	57	17.6	9	-79	77	99	50	63	286	2325	7	60	8	974	8	0				
Camariñas	14.7	17.02	26.9	30	12.0	6.9	19	34	22.5	9	-84	81	93	65	61	276	2277	19	78	7	1017	6	0				
Cariño	14.4	16.4	21.8	31	12.1	8.6	20	47	19.6	9	-67	81	92	70	53	242	2113	16	89	8	1018	7	0				
Cespón	16.7	22.74	34.2	31	10.7	4.8	19	66	29.1	7	-80	71	93	49	69	309	2415	9	56	8	1012	6	0				
CIS Ferrol	15.4	20.13	33.5	31	11.1	7.0	20	56	34.4	9	-82	72	90	55	62	282	2260	12	69	8	1014	10	0				
Corrubedo	16.4	21.46	29.2	31	11.9	8.5	18	26	11.4	7	-127	69	86	50	65	293	2423	12	65	7	1014	8	0				
Coruña-Dique	14.9	17.55	31.1	31	12.1	8.0	4	32	26.0	9	-	75	87	61	-	-	-	18	81	8	1016	7	0				
Coruña-Torre de Hércul	15.4	18.65	34.3	31	12.5	9.4	20	41	33.4	9	-	72	85	59	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	9	0	
*Costa	15.5	21.7	33.2	31	9.9	4.2	19	63	31.2	7	-	78	97	57	-	-	-	4	45	8	997	7	0				
*Coto Muiño	13.4	19.96	32.5	31	7.4	1.0	19	95	41.6	9	-	82	99	58	-	-	-	4	51	8	-	11	0				
Fontecada	13.8	19.09	32.1	31	9.0	3.4	19	86	34.4	7	-40	72	88	53	58	263	2136	14	66	7	975	8	0				
*Guísamo	15.2	20.07	33.7	31	10.6	6.2	4	47	27.5	9	-	68	85	52	-	-	-	4	43	8	997	9	0				
*Lesende	15.5	20.94	32.1	31	10.4	4.9	19	53	22.9	7	-92	67	83	48	61	274	2338	4	45	8	997	8	0				
Lira	15.6	19.38	30.5	31	12.0	8.5	18	26	10.3	7	-121	71	87	55	67	302	2415	20	85	7	-	8	0				
Mabegondo	14.6	20.73	34.0	31	7.3	1.9	4	46	24.7	9	-86	81	99	60	64	287	2391	7	70	8	1007	8	0				
Malpica	14.0	17.38	30.0	31	11.2	7.7	19	45	29.2	9	-66	84	97	67	63	284	2266	21	96	8	999	9	0				
Marco da Curra	11.8	16.83	28.9	31	7.5	4.4	20	82	38.0	9	-34	79	94	60	57	257	2147	17	84	8	943	10	0				
Melide	13.8	21.1	33.2	31	6.8	2.0	19	50	19.7	9	-90	73	96	47	63	284	2372	8	66	8	963	9	0				
Muralla	13.0	17.76	30.0	31	8.7	4.9	3	121	48.1	7	10	78	93	58	61	276	2032	25	90	7	941	8	0				
*O Val	14.9	19.49	33.0	31	10.1	5.1	20	48	27.2	9	-	76	91	61	-	-	-	5	50	16	1010	8	0				
Olas	13.5	19.22	32.3	31	8.1	3.7	19	71	28.6	9	--	79	96	57	--	--	2075	12	68	8	-	10	0				
*Ordes	14.0	20.52	33.5	31	7.4	1.4	19	55	20.4	9	-	74	93	52	-	-	-	5	41	8	985	9	0				
*Paramos	13.8	19.38	32.0	31	8.8	4.3	19	81	32.2	9	-	84	98	63	-	-	-	10	59	8	975	10	0				
*Pazo de Galegos	15.7	22.04	34.0	31	9.8	3.0	19	34	10.2	9	-108	76	96	54	61	277	2324	4	48	8	991	7	0				
Punta Candieira	14.0	16.88	31.1	31	11.4	8.4	18	32	14.2	9	-83	79	90	63	52	237	2049	23	129	7	987	9	0				
Punta Langosteira	14.6	16.42	26.3	31	12.4	9.2	12	26	14.4	9	-	80	91	69	63	285	2246	17	88	8	1016	8	0				
Río do Sol	12.5	17.42	30.8	31	8.4	4.8	3	66	26.3	9	--	83	95	65	--	--	2263	21	83	8	955	9	0				
*Rus	14.4	20.13	33.6	31	8.3	2.5	4	56	36.0	9	-	82	99	60	-	-	-	4	46	8	1002	9	0				
Sálvora	15.8	19.24	30.0	31	13.0	9.7	19	35	17.4	7	-114	75	87	59	74	332	2598	20	71	9	-	11	0				
Santiago-EOAS	15.0	20.92	32.9	31	9.7	4.3	19	51	18.8	9	-89	72	90	50	56	255	2265	16	75	8	988	8	0				
Santiago-San Lázaro	14.8	20.26	32.3	31	9.5	4.6	19	31	13.4	9	-113	71	89	50	65	295	2369	11	61	9	981	8	0				
Sergude	15.4	21.78	33.6	31	9.6	3.6	19	51	18.7	9	-	72	92	49	54	242	2052	-	-	-	-	7	0				
Serra da Faladoira	11.5	15.42	29.7	31	7.9	4.9	3	74	29.8	9	-25	84	97	65	48	220	2030	19	97	8	951	11	0				

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C				T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
<b>Lugo</b>																											
A Pontenova	12.9	18.31	33.4	31	8.7	5.6	5	49	25.9	9	-	78	94	57	53	238	2032	15	103	8	-	-	-	-	8	0	
Abradelo	13.1	19.31	30.7	31	7.5	3.0	19	41	14.0	16	-	69	91	44	65	294	2372	-	-	-	-	-	-	-	7	0	
*Alto do Faro	11.9	17.74	28.5	31	6.7	1.1	19	39	11.6	17	-	73	93	48	-	-	-	8	50	8	922	-	-	-	7	0	
*Alto do Poio	10.1	14.87	25.0	31	5.5	-0.3	19	85	21.7	9	-	69	90	45	-	-	-	10	60	8	-	-	-	-	7	1	
Ancares	10.4	15.68	25.8	31	5.6	0.1	18	53	24.4	17	-82	70	89	48	64	287	2418	16	99	8	865	-	-	-	6	0	
*Borreiros	13.7	18.44	28.0	31	8.5	4.0	6	50	16.6	9	-61	82	98	63	50	226	2014	5	57	8	1011	-	-	-	8	0	
Bóveda	14.8	22.73	34.5	31	6.9	1.6	19	19	6.0	9	-133	69	94	41	66	299	2487	7	53	7	967	-	-	-	6	0	
Burela	12.3	16.28	29.4	31	9.2	3.9	20	49	16.4	9	--	85	96	65	--	--	--	--	--	7	-	-	-	-	9	0	
Campus Lugo	13.8	21.27	34.6	31	7.0	3.2	6	29	9.4	9	-103	75	99	47	53	239	2240	6	59	8	971	-	-	-	9	0	
Castro R. de Lea	13.0	19.97	33.2	31	6.6	1.9	4	37	15.9	9	-	80	98	53	59	265	2288	-	-	-	969	-	-	-	7	0	
Conchada	14.3	22.04	32.8	31	7.7	2.6	19	41	13.1	9	-	73	95	47	66	296	2533	-	-	-	-	-	-	-	6	0	
Corno do Boi	12.1	18.23	30.2	31	6.9	3.8	5	77	21.0	9	-47	77	96	52	59	267	2245	13	77	8	-	-	-	-	10	0	
Courel	13.6	20.31	31.5	31	7.4	1.1	19	48	24.2	9	-106	65	90	39	66	296	2460	10	66	16	928	-	-	-	6	0	
Fontaneira	11.2	16.47	27.4	31	6.6	1.9	3	63	23.9	9	-54	75	92	52	60	273	2118	18	103	8	905	-	-	-	7	0	
Foz	13.2	17.04	24.3	31	8.8	4.1	6	44	21.6	9	-73	79	93	63	55	248	2190	11	81	7	1010	-	-	-	8	0	
Fragavella	10.1	14.55	29.3	31	5.8	1.1	19	64	29.8	9	-38	85	98	63	52	236	2127	13	99	8	949	-	-	-	11	0	
Guitiriz-Mirador	12.0	18.09	30.1	31	7.3	4.2	3	78	38.3	9	--	73	91	48	54	244	2127	10	72	8	939	-	-	-	9	0	
*Labrada	11.2	15.48	29.8	31	-	-	19	100	43.8	9	0	80	95	60	51	231	2098	10	69	8	-	-	-	-	10	-	
*Lanzós	11.9	18.21	31.6	31	4.9	-0.8	20	69	34.3	9	-	79	96	57	-	-	-	4	46	13	963	-	-	-	8	1	
*Lourenzá	14.1	19.72	34.0	31	8.4	3.5	6	47	21.0	9	-	79	97	57	-	-	-	4	51	8	-	-	-	-	10	0	
Marroxo	14.0	20.56	31.2	31	8.4	4.1	3	23	9.8	9	-119	71	92	44	64	289	2330	9	64	8	944	-	-	-	6	0	
*Míllara	15.8	24.56	37.2	31	8.2	4.1	19	12	6.8	9	-	70	97	41	-	-	-	6	65	8	-	-	-	-	6	0	
Monforte	15.5	23.65	34.7	31	7.0	2.6	4	15	5.4	9	-126	67	96	35	64	270	2419	4	55	8	-	-	-	-	7	0	
*Morelle	14.0	22.21	33.7	31	5.7	1.2	2	22	8.6	16	-106	77	100	46	52	235	2152	4	40	7	969	-	-	-	7	0	
O Cebreiro	10.1	16.89	27.3	13	4.7	-1.8	2	67	31.9	9	--	76	97	50	--	--	2301	11	64	17	870	-	-	-	7	1	
O Xipro	12.2	18.75	31.2	31	6.4	2.4	20	58	17.6	17	-65	78	97	52	59	268	2221	11	71	8	927	-	-	-	7	0	
*Olveda	12.6	19.31	31.6	31	6.2	1.1	20	24	9.5	9	-107	75	96	50	60	271	2362	6	46	8	-	-	-	-	7	0	
Pedro Murias	13.9	17.31	23.7	31	9.9	6.3	6	65	21.3	9	-44	85	99	70	54	244	2114	10	73	8	1013	-	-	-	8	0	
Penedo do Galo	11.0	14.01	30.0	31	8.3	5.6	18	56	16.2	9	-35	86	97	68	47	216	2008	24	130	8	-	-	-	-	8	0	
Pol	12.1	18.37	31.2	31	7.0	3.6	20	47	20.5	9	-	79	99	52	56	252	2143	-	-	-	943	-	-	-	9	0	
Portomarín	13.7	21.75	33.2	31	6.4	2.8	4	22	9.6	9	-	77	99	46	54	228	1990	-	-	-	966	-	-	-	5	0	
Riotorto	13.3	18.92	33.1	31	8.1	4.2	6	72	42.8	9	-43	81	99	57	46	208	2053	8	82	8	-	-	-	-	11	0	
Sambreixo	12.4	19.41	32.3	31	5.3	0.5	4	55	25.2	9	-	79	99	51	58	264	2262	-	-	-	-	-	-	-	8	0	
*San Clodio	16.3	24.49	35.1	31	7.8	3.4	2	33	12.3	9	-	70	100	38	-	-	-	3	38	8	987	-	-	-	5	0	
*San Fiz	14.9	21.8	32.8	31	8.4	3.9	19	9	3.9	9	-140	70	93	44	58	262	2441	5	56	8	972	-	-	-	6	0	
Santa Cruz	13.7	18.87	31.3	31	7.7	2.2	6	55	19.6	9	-61	80	98	58	51	233	2180	5	66	8	-	-	-	-	8	0	
Serra Vacaloura	12.3	18.59	30.3	31	7.1	3.5	19	32	11.6	9	-76	76	95	49	--	--	2346	18	94	8	-	-	-	-	7	0	
Ventosa	11.9	18.13	29.7	31	6.1	0.6	20	38	10.5	17	-94	72	91	48	62	279	2298	11	98	8	913	-	-	-	7	0	

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.





Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>a</sup> °C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Vilamor	13.8	18.68	33.1	31	8.7	3.9	6	48	21.3	9	-75	73	89	54	50	229	2113	6	60	8	-	10	0		
*Xabrega	15.3	23.76	34.7	31	7.6	3.6	4	21	15.2	9	-126	69	94	38	57	258	2317	5	63	8	980	4	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada		
<b>Ourense</b>																										
A Mezquita	12.9	19.16	28.1	31	6.0	1.4	18	24	13.2	9	-130	62	84	41	65	293	2518	12	68	23	902	6	0			
*A Portela	16.6	24.75	34.9	31	8.5	3.4	19	21	9.8	9	-145	61	94	33	70	314	2431	6	54	8	-	4	0			
*A Trabe	14.9	20.99	29.5	30	8.3	3.3	19	15	7.5	9	-152	61	82	41	73	328	2647	5	44	8	928	6	0			
Alto do Rodicio	11.7	17.43	28.0	31	6.3	0.5	19	29	14.6	9	-104	76	95	52	69	308	2551	14	68	8	906	6	0			
Amiudal	14.7	21.45	32.0	31	8.7	3.7	19	38	18.6	9	-121	65	87	42	70	313	2555	12	90	8	954	7	0			
As Petarelas	15.3	23.33	33.5	31	7.7	1.6	19	22	14.6	9	-	63	90	35	70	315	2587	-	-	-	-	4	0			
Baltar	12.4	20.06	31.0	31	3.2	-1.9	2	18	8.6	9	-127	68	97	39	67	300	2443	10	64	12	926	7	5			
Cabeza de Manzaneda	8.2	12.17	20.8	31	4.1	-3.1	19	55	18.8	9	-75	69	92	41	68	307	2562	19	95	8	825	6	6			
*Calvos	11.5	19.09	29.3	31	2.3	-3.0	19	37	21.6	9	-108	76	100	48	68	306	2523	9	59	8	-	6	7			
Casaio	10.4	15.93	25.1	31	4.9	-1.5	19	23	8.2	16	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	7	2			
*Corzos	11.0	17.99	26.9	31	3.9	-0.8	19	41	12.4	17	-	70	91	44	-	-	-	9	47	8	-	6	1			
Entrimo	14.5	21.73	31.5	30	8.1	2.3	19	70	36.2	9	-	68	90	46	60	269	2353	-	-	-	-	8	0			
*EVEGA Leiro	16.5	26.24	37.3	31	7.0	2.9	19	13	7.4	9	-	66	95	33	-	-	-	2	38	8	1005	6	0			
Gandarela	14.9	22.32	33.4	31	8.3	3.1	19	16	9.0	9	-140	68	91	43	65	294	2454	7	60	8	946	6	0			
Lardeira	9.4	14.54	23.5	31	4.4	-2.3	19	18	8.3	16	-124	67	87	42	70	314	2582	19	121	8	839	5	4			
*Larouco	15.7	23.42	33.2	31	8.1	3.5	2	14	4.1	8	-	57	83	33	-	-	-	4	40	9	957	5	0			
Laza	15.1	22.93	32.9	31	7.0	2.8	19	19	9.6	9	-138	65	96	36	68	307	2475	7	60	8	-	6	0			
Monte Medo	14.2	20.96	31.5	31	6.9	2.0	3	15	7.0	9	-	69	95	42	64	287	2345	-	-	-	-	6	0			
O Invernadeiro	12.3	19.87	29.4	31	4.3	-1.6	19	56	29.1	9	-94	66	92	38	69	308	2527	9	69	8	901	6	1			
Ourense	17.3	25.7	37.5	31	8.8	4.2	19	11	7.2	9	-	59	89	31	-	-	-	-	-	-	-	5	0			
Ourense-Estacións	17.8	26.02	37.1	31	9.9	5.3	19	11	8.9	9	-155	59	87	31	69	311	2459	5	47	8	1003	5	0			
*Pazo de Fontefiz	15.3	21.94	33.6	31	8.8	4.0	19	16	8.0	9	-140	66	87	43	69	308	2490	6	40	2	970	6	0			
*Ponte Boga	15.3	22.58	32.6	31	8.5	3.6	2	22	8.6	9	-136	61	83	36	62	280	2387	5	48	8	963	5	0			
*Prado	16.8	25.58	35.9	31	8.3	4.4	4	12	7.1	9	-	65	92	37	-	-	-	3	37	7	1002	5	0			
Remuíño	16.6	26.47	37.5	31	7.9	4.1	4	28	15.2	9	-129	68	96	35	63	284	2344	6	56	8	-	6	0			
*Riós	14.5	20.83	30.0	31	7.4	2.6	19	17	7.6	9	-147	62	86	39	75	334	2667	6	46	8	-	6	0			
San Xoán de Río	11.7	17.58	27.5	31	6.0	1.6	19	38	13.9	17	-101	74	94	50	67	302	2498	15	70	8	901	5	0			
Serra do Eixe	11.3	17.16	26.2	31	5.6	-0.1	19	42	13.6	9	-100	72	94	47	70	316	2561	13	89	7	880	5	1			
Verín-Vilamaior	15.8	23.34	32.6	31	8.2	2.3	2	9	3.4	9	-154	63	87	38	72	322	2606	8	53	8	954	4	0			
Verín-Vilela	15.2	24.27	34.5	31	5.1	-0.2	19	5	2.8	9	-151	68	98	38	72	323	2540	5	46	7	-	5	1			
Viana do Bolo	13.4	20.73	30.8	31	5.8	1.2	19	27	15.5	9	-109	70	93	45	65	292	2302	8	55	7	920	5	0			
Xares	8.9	13.65	22.0	31	4.2	-3.1	19	46	14.7	17	-88	69	90	48	69	311	2595	19	99	16	825	7	5			
Xinzo	13.4	20.85	32.1	31	4.9	-0.1	19	12	4.4	17	-	71	99	44	40	180	1834	10	54	8	946	5	1			
Xurés	12.8	18.53	27.8	31	7.2	1.0	19	29	15.4	9	-130	65	88	44	72	321	2612	15	84	8	898	6	0			

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>ao</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Xeada				
<b>Pontevedra</b>																										
*A Armenteira	14.7	20.48	31.9	31	8.7	3.2	4	64	25.4	7	-78	73	92	53	64	286	2386	7	51	9	-		8	0		
A Granxa	16.7	24.59	34.2	31	8.3	3.0	19	25	11.4	9	-127	70	97	43	68	303	2427	5	48	8	1013		6	0		
A Lanzada	16.4	21.96	33.5	31	11.4	6.2	19	31	16.4	7	-124	73	91	52	73	330	2535	18	71	9	-		7	0		
*Areas	16.9	24.55	34.6	31	10.7	5.1	19	21	6.2	8	-	69	89	44	-	-	-	1	26	8	-		6	0		
*Areiro	16.5	22.29	33.2	31	11.2	6.3	19	18	7.1	7	-	69	87	50	-	-	-	4	34	1	1008		7	0		
*As Eiras	16.9	23.28	32.7	30	10.7	4.9	19	18	5.0	7	-139	70	93	47	69	308	2473	5	41	9	1012		7	0		
Atios	16.4	23.88	33.4	31	-	-	19	25	9.7	9	-128	72	98	44	71	317	2541	6	50	7	-		7	-		
Cabo Udra	16.2	20.65	30.4	31	12.4	8.8	19	24	11.7	7	-128	74	88	58	69	311	2576	17	88	9	-		8	0		
Caldas de Reis	15.5	21.75	34.5	31	10.1	5.1	19	56	22.1	9	-89	72	91	49	62	278	2368	9	66	8	987		8	0		
*Camanzo	15.5	22.12	33.8	31	8.9	2.4	19	32	11.9	9	-112	72	93	49	60	268	2314	6	69	8	993		7	0		
Cangas-Porto	16.6	20.65	31.5	31	13.0	8.7	18	16	7.3	7	-	67	82	49	-	-	-	11	62	7	-		7	0		
Castro Vicaludo	14.6	18.25	29.3	31	10.9	6.9	19	34	9.2	7	-111	72	86	56	64	287	2419	15	88	8	962		8	0		
Castrove	14.8	20.3	33.3	31	10.0	5.1	19	103	40.5	7	-39	70	88	52	59	265	2316	12	75	2	967		7	0		
*Cequelifios	17.1	24.22	34.8	30	10.7	5.6	19	26	17.4	9	-146	63	88	38	69	309	2490	9	56	7	-		5	0		
Corón	15.9	19.96	29.8	31	12.0	6.5	19	38	17.6	7	-104	69	90	44	70	287	2570	20	72	8	1016		5	0		
*Entenza	17.1	24.53	34.2	31	10.4	3.8	19	29	15.0	9	-127	69	92	45	63	284	2457	2	35	9	-		6	0		
Forcarei	13.2	18.91	29.8	31	7.9	3.3	19	89	40.0	9	-46	74	94	51	64	289	2382	16	75	8	-		8	0		
Fornelos de Montes	14.4	18.99	29.6	31	9.9	4.0	19	88	37.5	9	-67	66	83	49	67	301	2443	18	98	1	936		8	0		
Gargamala	16.9	23.59	33.4	31	10.8	4.7	19	40	17.1	9	--	64	86	42	--	--	--	7	61	8	-		7	0		
Illas Cíes	16.2	19.99	31.6	31	12.9	9.6	19	17	9.8	7	-130	75	88	59	69	309	2465	13	82	9	-		7	0		
Lalín	13.9	20.16	31.1	31	7.9	3.5	4	32	14.8	9	-	71	93	47	-	-	-	10	62	8	-		8	0		
*Louredo	15.6	22.55	32.3	31	9.9	5.0	19	15	5.0	7	-	76	95	54	-	-	-	2	34	17	988		6	0		
Lourizán	16.4	22.69	33.3	31	10.7	5.0	19	28	9.6	7	-121	74	94	52	62	281	2382	4	44	8	1011		7	0		
*Meder	17.3	24.68	34.3	31	10.6	5.0	19	28	14.2	9	-	60	83	38	-	-	-	2	34	8	1000		5	0		
Monte Aloia	15.1	21.5	32.5	31	9.6	4.9	18	45	19.3	9	-77	73	91	54	50	227	2011	9	67	7	961		7	0		
Mouriscade	13.5	21.32	32.2	31	5.1	-0.6	4	27	11.8	9	-120	71	89	51	66	295	2481	7	63	8	959		8	1		
O Viso	16.3	23.72	34.9	31	10.3	5.8	19	53	15.1	7	-99	68	87	47	60	269	2300	9	78	8	--		9	0		
Ons	15.4	19.42	31.8	31	11.9	8.7	19	26	14.8	7	-115	77	90	61	74	333	2570	21	76	8	1003		8	0		
*Pé Redondo	16.6	22.23	34.3	31	11.4	6.8	19	53	22.8	7	-49	72	90	52	56	202	2008	4	52	9	-		7	0		
Pereira	12.9	18.81	29.8	31	7.5	2.5	19	91	37.0	9	-	77	94	55	65	294	2469	-	-	-	935		10	0		
*Ponte Caldelas	15.6	20.79	31.8	31	10.2	2.8	19	64	22.1	9	-95	65	83	48	69	311	2414	11	74	8	976		7	0		
Pontevedra-Campolongo	17.7	24.6	35.9	31	11.6	5.4	19	26	9.0	7	-	64	88	41	-	-	-	4	46	8	-		5	0		
Queimadelos	16.7	24.35	35.3	31	11.2	5.4	19	39	18.0	9	--	64	81	45	47	210	2073	--	--	-	974		8	0		
Rebordelo	14.7	21.56	33.0	31	7.3	0.3	19	67	29.9	9	-	73	96	48	65	293	2352	-	-	-	976		8	0		
San Nomedio	15.1	19.79	29.4	31	10.9	4.8	18	55	25.6	9	-100	66	84	49	65	293	2395	17	95	8	-		6	0		
Sanxenxo	16.9	22.31	33.2	31	11.9	7.4	19	25	13.0	7	-133	67	85	48	65	293	2485	6	55	7	1014		7	0		
Serra do Faro	11.9	17.33	27.9	31	7.1	0.7	19	43	19.6	9	-92	71	89	48	63	282	2369	20	79	8	905		9	0		
*Simes	16.5	22.89	35.5	31	9.9	5.4	19	35	17.8	7	-	72	93	50	68	306	2420	-	-	-	-		6	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 5

Provincia Estación	T <sup>o</sup> C			T <sup>a</sup> Máxima °C			T <sup>a</sup> Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
*Soutomaior	16.7	22.69	32.8	31	11.4	5.4	19	53	18.4	9	-	62	80	43	-	-	-	3	40	8	997	8	0		
*Torrequeintáns	16.7	22.62	34.1	31	11.0	4.8	19	43	17.0	7	-80	65	83	44	59	264	1776	5	60	8	1009	8	0		
*Tremoedo	16.3	21.56	33.4	31	10.9	4.8	19	41	20.2	7	-	70	89	49	-	-	-	5	44	1	1010	6	0		
Vigo	17.3	22.25	33.7	31	12.6	7.4	19	17	5.9	7	-	65	81	48	-	-	-	-	-	-	-	7	0		
Vigo-Campus	15.2	19.44	30.0	31	11.5	6.6	18	36	15.2	9	-124	68	84	51	70	316	2557	8	66	7	964	7	0		
Xesteiras	12.7	17.26	29.2	31	8.6	4.0	3	123	50.2	9	-	75	92	54	-	-	-	27	97	7	-	10	0		

\* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.